

Retribucións→

O expediente dos novos complementos foi requirido de novas explicacións, onte mesmo, por parte de Comisión paritaria. O departamento comprometése a dar as explicacións requiridas, aínda que afirma que o expediente está perfectamente informado.

O expediente das retribucións complementarias e a subida do ano en curso segue pendente en función pública.

Produtividade→

SEPE; solicitamos coñecer o remanente que pode quedar para o mes de decembro, pero o organismo descoñece as cantidades.

OEITSS; preguntamos pola produtividade adicional extraordinaria, pero unha vez mais o organismo non ten ningunha nova. Descoñecen cando e canto se percibirá.

Cambio de réxime xurídico→

Grupo 3G; non teñen ningunha novidade.

Grupos 1G e 2G; tampouco teñen información que facilitar.

Xubilación parcial,→

A día de hoxe ningún relevista cesou, en caso de darse esta situación haberá que facer unha nova contratación no prazo de 15 días.